



RESOLUCIÓN DO 2 DE FEBREIRO DE 2021 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO POLA QUE SE DITAN NORMAS SOBRE O CUMPRIMENTO DO REQUISITO DE ACTIVIDADE EXTRACTIVA SUFICIENTE PARA A RENOVACIÓN DAS HABILITACIÓNS PARA O EXERCICIO DO MARISQUEO

Por resolución do 20 de maio de 2020 da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se ditan normas sobre o cumprimento do requisito de actividade extractiva suficiente no ano 2020 para a renovación de habilitacións para o exercicio do marisqueo, establece que de cara a cumprir o requisito de actividade extractiva suficiente para renovar ás habilitacións: excluírase do período para demostrar actividade extractiva suficiente nos plans de 2020, o tempo entre o 16 de marzo de 2020 e dous (2) meses despois dende a data de chegada á fase de nova normalidade na provincia á que pertenza a entidade. Esta resolución foi modificada o día 14 de agosto para estender o período ao 31 de decembro de 2020.

O Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, establece medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, con vistas á superación da fase III do Plan para la Transición hacia una Nueva Normalidad.

O Decreto 90/2020, do 13 de xuño, da Xunta de Galicia declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVI-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020, e a entrada na nova normalidade con efectos desde as 00.00 horas do 15 de xuño de 2020.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, establecéronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan de transición cara unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 13 de marzo de 2020.

O Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-Cov-2 que contempla medidas de diversa natureza para facer fronte á expansión do virus. O estado de alarma foi prorrogado ata o 9 de maio de 2021 polo Real Decreto 956/2020, do 3 de novembro.

No marco do real decreto mencionado, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública poden adoptar as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública debido ao COVID-19. Neste contexto, a autoridade competente delegada na Comunidade Autónoma de Galicia ditou diversos decretos para facer fronte á crise sanitaria que foron obxecto de diferentes modificacións para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Ademais as medidas foron complementadas con outras de prevención específica adoptadas pola consellería competente en materia de sanidade.





En canto as medidas de carácter laboral, o Real Decreto-lei 24/2020, do 26 de xuño, mantivo as situacións previstas no Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Así, en relación coas medidas laborais, contemplábase que os traballadores autónomos podían percibir a prestación extraordinaria por cese de actividade ata o 30 de setembro de 2020. O período da prestación foi estendido ata o 31 de xaneiro de 2021 pola disposición adicional cuarta do Real Decreto-lei 30/2020, do 29 de setembro.

As medidas de prevención para conter o virus despois da “primeira ola” seguen a repercutir na actividade económica interrompendo a esperada recuperación. As diferentes medidas adoptadas como o distanciamento social, as limitacións de movementos e as restricións en actividades non esenciais teñen un impacto tanto na oferta como na demanda de produtos, e afectan especialmente a algúns sectores moi ligados coa actividade produtiva como o turismo e as actividades de restauración, este último canal esencial para a distribución dos produtos marisqueiros. Polo tanto, tras o Nadal a situación de emerxencia sanitaria causada polo COVID-19 continúa a producir efectos no desenvolvemento da actividade marisqueira.

A renovación das habilitacións para o exercicio do marisqueo ten como requisito o desenvolvemento de actividade extractiva suficiente nos plans de xestión, de acordo co recollido na seguinte normativa:

- Artigo 11.1.a) da Orde do 15 de xullo de 201, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé.
- Artigo 16.1.b)1º da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o permisos de marisqueo a pé de recursos específicos.
- Artigo 32.1.c) 1º a 3º e 32..3 da Orde do 30 de decembro de 2015, para as modalidades de recursos específicos desde embarcación e cotas asociadas.
- Artigo 11 da Orde do 31 de maio de 1995 pola que se regula a expedición e revalidación do permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, para os permisos de explotación a pé con embarcación auxiliar,

Á vista do anterior, e no contexto de dificultades continuadas debidas ao brote de COVID-19 e das medidas de apoio ao emprego, considerase axeitado volver a ditar normas para flexibilizar o cumprimento de requisito de actividade extractiva. Así, co obxectivo de evitar prexuízos na renovación das habilitacións para o exercicio do marisqueo como consecuencia do COVID-19 e protexer o emprego, estimase apropiado establecer un período de exclusión da acreditación de actividade extractiva no ano 2021.





Visto o exposto, de acordo coas competencias atribuídas a esta Dirección Xeral polo Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificada polo Decreto 39/2018, do 5 de abril, e coas disposicións derradeiras primeiras da Orde de 15 de xullo de 2011, Orde do 30 de decembro de 2015 e Orde do 31 de maio de 1995, e consultado o sector,

RESOLVO

De cara a cumprir co requisito de actividade extractiva suficiente (notas de venta) nos plans de xestión para renovar as habilitacións para o exercicio do marisqueo, recollido nos artigos antes mencionados:

Primeiro. O período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2021 excluírase do período para demostrar actividade extractiva suficiente nos plans en 2021.

Segundo. Todos os días de ventas rexistradas polos titulares durante o período indicado no punto anterior poderán computar de cara a xustificar a porcentaxe de actividade extractiva suficiente.

Terceiro. As situacións de illamento ou corentena indicadas polos dispositivos asistenciais ou de saúde pública son causas xustificadas de inactividade e a súa acreditación poderá realizarse mediante unha declaración responsable da persoa afectada. Esta medida faise extensiva ás persoas con sintomatoloxía compatible co COVID-19 que o comunicaran aos servizos sanitarios, e polo tempo transcorrido ata recibir e levar a cabo as instrucións dos mesmos; así como as persoas convocadas que asistiron a cribados de detección.

As medidas específicas para casos e contactos estreitos así como as persoas con sintomatoloxía mencionadas no punto terceiro refírense as que estean recollidas na orde da consellería de Sanidade en vigor, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non será necesario acreditar estas situacións no período de tempo contemplado no punto primeiro desta resolución.

O presente acordo publicarse na páxina web da Consellería do Mar na forma e para os efectos que determina o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(*sinatura electrónica*)

